

VIERNES, 19 de septiembre de 2008

REPORTAJE: LUCES

O segredo da 'nova narrativa'

Críticos e compañeiros de xeración dialogan arredor da obra de Camilo Gonsar, o autor de 'Cara a Times Square'. Galaxia prepara a compilación dos seus contos

ÓSCAR IGLESIAS | 19 SEP 2008

Archivado en: [Narrativa](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

Unha parte esencial da modernidade literaria do país construíuse con galegos perplexos en Islandia, Madrid ou Nova York, filosofía ao servizo do relato e unha gran sincronía cos debates conceptuais da época. Saen, adoito paseando, lavapratos cosmopolitas, ingleses ultranacionalistas ou eternos paisanos. Podería ser unha redución comercial da obra de Camilo González Suárez-Llanos (Sarria, 1931), Camilo Gonsar na escrita. "É a vontade de facer literatura moderna en galego", sintetiza Xosé Luís Franco Grande. Ao tempo, unha das primeiras tentativas de tracexar un discurso sobre a identidade -tamén a galega- desde o pensamento.

Galaxia prevé lanzar en outubro a reedición conxunta dos relatos de *Lonxe de nós e dentro* (1961), con sete engádegas posteriores, e *Arredor do non* (1995). Despois han vir *Desfeita* (1983) e *Cara a Times Square* (1980). A recente reedición de *Como calquera outro día* (1962) e a visibilidade da súa última novela, *A noite da aurora* (2003), permitirán o acceso por xunto ao corpus literario do autor sarriano.

"Representa a vontade de facer literatura moderna en galego"

"Xogou un pouco a ser unha especie de escritor secreto, pero iso é parte da súa propia concepción da autoría", di o poeta e crítico Manuel Forcadela. Nin oculto nin maldito, afortunadamente, malia afastarse do ruído e das fotos. Tampouco é ese o seu papel dentro do que Varela Jácome chamou *Nova Narrativa Galega* (NNG), primeiro intento de renovación técnica e temática da

literatura despois da guerra. Os primeiros en facelo foron Gonzalo Rodríguez Mourullo, Ferrín e Gonsar. "Había que demostrar que a literatura e o idioma podían ser parte do movemento da cultura nova", di Mourullo, iniciador da nova xeira en *Nasce unha árbore* (1954) e, sobre todo, *Memorias de Tains* (1956). "A obra de Camilo é fundamental para entendermos iso".

Tamén para Ferrín, que debuta como narrador ao pouco (*Percival e outras historias*, 1958). O ourensán remarca o talento de Gonsar para dar conta da época: "Ese tipo de personaxes peripatéticos que camiñan moito pero nunca se aclaran son propios de moitas novelas do século XX; non están tan idiotizados os personaxes de Camilo coma os de Camus, pero nos dous casos responden á actitude dunha xeración".

"Non era como agora, que a xente manda os fillos ao estranxeiro só a estudar", engade María Xosé Queizán. "Eu cheguei a París en 1961 e non o podía crer, pero todos marchamos cunha man diante e outra detrás". Gonsar igual, sequera ao principio. O tamén académico Franco Grande atribúelle anos "máis ou menos bohemios" -entre Sarria e Londres, onde traballou pola mantenta- antes de marchar a ensinar lingua e cultura españolas á Universidade de Syracuse, por intermedio do profesor Ramón Martínez López

e de Ramón Piñeiro.

A independencia de Gonsar é tamén a da maioría dos escritores vencellados á NNG, lonxe de ser unha unidade xeracional. Joyce, Kafka, Faulkner, as sagas nórdicas ou o existencialismo francés armaban tópicos compartidas, pero Gonsar -que chegou a aprender noruegués para ler mellor a Knut Hamsun- ía un pouco por libre.

"Unha vez escoiteille a Baroja falar mal de todos os escritores franceses agás Julien Green, e pensei que sería interesante", di con certa rexouba. O *nouveau roman*, ensaiado nomeadamente por Ferrín (*Arrabaldo do norte*) ou a Queizán d'A *orella no buraco*, parécelle "moi pesado".

O propio Ferrín destaca o ton e a forma "únicas" dalgúns microrrelatos de *Arredor do non* (en xogo co *Arredor de si* de Otero), entre a narración, o retallo e a reflexión. A ironía ultrapasa, a un tempo, a claustrofobia de Madame Bovary, o "problema dos nacionalismos periféricos" (*Autoentrevista*) e as aventuras gástricas de Céline nos baños públicos de Nova York.

"Foi un intento por facer unha narrativa menos erudita e máis lexible", resume Gonsar, en referencia á novela fundacional de Otero. Loubado nada máis empezar polos novos, pero tamén por Risco e Del Riego, o autor recorda moita paralaxe entre Lugo e Madrid, onde acabou Filosofía por libre: "Comparando a mentalidade de Pimentel ou Celestino Fernández de la Vega con aquilo... Eu en Madrid nunca oín falar de Heidegger".

Marx, polbo e Ramón Piñeiro

"Cando xorde a nova narrativa estabamos por diante do que se facía na península", remarca o crítico Xesús González Gómez. "Aquí xogábase coa enunciación literaria mentres o moderno en España era *El Jarama*. Pero cando en Galicia empeza a haber núcleos marxistizantes, desaparece o interese por Faulkner e volve o *nouveau roman*".

Deixando a parte as traducións de Faulkner dispoñibles daquela, Ferrín apón que a nova narrativa "sería inconcebible sen o marxismo". "Outra cousa é o que o carrillismo español admire a Antonio Machado". "Por outra parte", segue, "de terse publicado en Francia, *Cara a Times Square* non sería outra cousa que *nouveau roman*".

A novela de Gonsar, que para Forcadela pecha o ciclo da nova narrativa galega - Camiño Noia cita aquí *Cambio en tres* (1969), de Carlos Casares- inclúe unha das secuencias máis célebres da literatura galega: "Deixei ese país ós vinteún anos e non tiven endexamais o menor desexo de retornar a el e de vivir con aquela clase de xente". É o que lle di O Belga ao Narrador cando este descobre -grazas á afección compartida polo polbo-, que o seu compañeiro descoñecido en Nova York non é estranxeiro belga, senón estranxeiro galego. Acto seguido, o Narrador guíndao ao mar. O Belga, que di cousas como "ningún mundo tería razón de ser", podería encarnar aquí (Franco Grande) unha "eiva colectiva", dacordo ao pecado orixinal e a salvación formuladas por Risco n' *A Coutada*.

Para Forcadela, este primeiro desenlace de *Cara a Times Square*, cunha gradación insólita da ambigüidade, "desfai os mitos dunha xeración". "Tanto apátrida tanto apátrida", bromea, "e ao final o que lle gustaba ao Belga era o polbo". Forcadela aproveita para refrescar a carta que lle dirixe Ramón Piñeiro a Cunqueiro en 1951, incluída na recente edición de *Olladas no futuro*. "Piñeiro anticipa o modelo de literatura que el quere, o realismo máxico, antes incluso de que se desenvolva. É o

modelo que el recomenda a Cunqueiro, e que entra en crise cos autores da nova narrativa". Non era modelo único en Galaxia, pero "todo o contrario ao realismo máxico era antipiñeirista".

"Tiven discrepancias co galeguismo oficial", di Mourullo, agora un dos avogados penalistas máis cotizados de Madrid, para xustificar o seu abandono literario. "Non me entendín con Piñeiro".

A vontade política de Gonsar expresouse a través do seu proxecto ficcional. No seu ingreso na Real Academia, en 2002, criticaba a manía de "encher ocos" na literatura galega. Se para algo estamos dotados, dicía, é para "desenvolver unha literatura desde unha perspectiva plurinacional". Unha perspectiva moi contemporánea, a dicir de Xurxo Borrazás, que recoñece en Gonsar "algo distinto". "Normalizar temas, paisaxes e diálogos supón un cuestionamento implícito do que se entende como identidade galega, que se constrúe a través de visións múltiples. Máis aínda tendo en conta de onde se partía".